

## ANEXO VI

## Complemento específico dos membros da carreira fiscal por responsabilidade e penosidade

	Contas mensuais en euros	
	Por responsabilidade	Por penosidade
Fiscal xefe de Tribunal Superior de Xustiza .....	312,32	—
Tenente fiscal de Tribunal Superior de Xustiza .....	186,19	—
Fiscal xefe de Audiencia Provincial .....	232,80	—
Tenente fiscal de Audiencia Provincial .....	91,05	—
Tenente fiscal ante a Audiencia Nacional .....	138,14	509,32
Fiscais da Audiencia Nacional .....	—	509,32
Tenente fiscal ante o Tribunal Constitucional .....	258,26	389,20
Tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado .....	138,14	293,10
Fiscais inspectores da Fiscalía Xeral do Estado .....	108,11	293,10
Fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado .....	91,05	293,10
Tenente fiscal da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas.	138,14	509,32
Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Prevención e Represión de Tráfico Ilegal de Drogas .....	—	509,32
Tenente fiscal da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción .....	138,14	509,32
Fiscais e avogados fiscais da Fiscalía Especial de Represión de Delictos Económicos relacionados coa Corrupción .....	—	509,32
Tenente fiscal ante o Tribunal de Contas .....	138,14	293,10
Fiscais ante o Tribunal de Contas .....	—	293,10
Fiscais coordinadores .....	91,05	—
Fiscais do Tribunal Supremo .....	252,25	389,20
Fiscais ante o Tribunal Constitucional .....	252,25	389,20

**10525 CORRECCIÓN** de errores da Lei 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior. («BOE» 126, do 27-5-2003.)

Advertido un erro na Lei 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servicios, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do día 1 de abril de 2003, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 962, segunda columna, no anexo, antes da liña «Artigo 39. Obrigas de exercicios anteriores», debe aparecer a seguinte rúbrica: «Programa 223.A: "Protección Civil"».

**10614 LEI ORGÁNICA** 5/2003, do 27 de maio, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial; a Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, e a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. («BOE» 127, do 28-5-2003.)

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saíban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, configura os xuices de vixilancia penitenciaria como os órganos xurisdiccionais ós que lles corresponde asegura-lo cumprimento das penas e controla-las diversas situacions que se poden producir no cumprimento daquelas, así como das decisións que sobre a dita execución pode adopta-la Administración penitenciaria.

Esta atribución de competencias supuxo o sometemento pleno á revisión e ó control xurisdiccional do conxunto das actuacions que se poden dar no cumprimento das penas, co que se completa, en termos xurídicos, a totalidade das facetas que compoñen moderadamente a política criminal, que quedan así baixo o control xurisdiccional.

Pola súa parte, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, configura a Audiencia Nacional como un órganos con competencias específicas e a esencia do cal é o establecemento dun órganos que poida instruír e axuizar determinados asuntos que, polas súas especiais características de proxección territorial, complexidade na súa realización, organización concertada para aquela ou pola súa repercusión social, así o xustifiquen.

Coa creación deste tribunal e o funcionamento dos distintos órganos xudiciais que o integran conseguiuse unha situación de maior eficacia e operatividade na represión dos delictos dos que se lles atribuíu a competencia.

Non obstante o anterior, a limitación das competencias do citado órganos xurisdiccional á instrucción e axuizamento dos delictos e, en especial, a desconexión entre aquellas funcións xudiciais e as de execución das penas impostas pode estar a producir na actualidade unha disociación non deseñada que menoscaba a eficacia xeral da política criminal.

Para aborda-la situación descrita faise preciso crea-los xulgados centrais de vixilancia penitenciaria co fin de conseguir unha unificación de criterios no marco do con-